



ADEGA, Amigos da Terra, Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños (CEMMA), Federación Ecoloxista Galega (FEG), Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN)

UN PROGRAMA POLA TERRA

Propostas para o desenvolvemento de actuacións políticas sustentábeis

“Un Programa pola Terra” recolle as propostas do ecoloxismo galego para que os diferentes partidos e coalicións políticas as integren na súa acción tanto de goberno como de oposición durante a vindeira lexislatura.

O vindeiro día 21 de Outubro terán lugar as eleccións autonómicas galegas. A Xunta de Galicia ten transferidas e recoñecidas amplas competencias para contribuír a acadar un futuro sustentábel para o noso país. A amplitude da crise ambiental global, encabezada polo cada vez máis perceptíbel cambio climático, o esgotamento dos recursos naturais e o incremento das desigualdades sociais, é de tal magnitude que precisa dun cambio gradual máis radical nas políticas desenvolvidas por todas as Administracións e, particularmente, pola Xunta de Galicia. O noso país contribúe a esta crise ambiental e é, cunha pegada ecolóxica moi elevada, un exemplo de insustentabilidade: Arestora a poboación e o tecido socioeconómico galegos temos unha pegada ecolóxica un 50% superior ao da biocapacidade do noso territorio.

PRINCIPIOS BÁSICOS:

a) O actual modelo económico e social é inxusto e insustentábel

Calquera proxecto político responsábel debe supeditar o desenvolvemento económico á capacidade dos ecosistemas para anovar os seus recursos naturais e assimilar os impactos ambientais, amais de acadar a xustiza social. A actual crise económico-financeira precisa dunha resposta ecolóxica e solidaria que inicie a transición cara a un novo modelo que non faga depender o benestar social do consumo desbocado de recursos naturais propios e alleos. Unha resposta produtivista agravará a crise ambiental e non mellorará de forma durábel as condicións de vida da cidadanía. A procura da sustentabilidade a escala galega e global debe estar no centro de toda a acción do Goberno galego, o que nunca ten acontecido até hoxe.

Faise necesaria a implantación de políticas ambientais transversais, para integrar a preocupación polo medio ambiente nas políticas das diferentes consellarías, alén do que é competencia directa da Consellaría de Medio Ambiente.

b) É necesario un compromiso de cambio de dimensións estratéxicas

A problemática ambiental é sistémica, polo que para a resolver de forma satisfactoria no seu conxunto é necesario ir alén da aplicación de simples medidas correctoras e encetar unha profunda mudanza do modelo de produción e consumo. Promover a sustentabilidade ecolóxica é



moito máis que crear parques naturais, construír depuradoras ou tratar o lixo. Sen unha firme vontade política de reformular o modelo socioeconómico, calquera política ambiental quedará baleira de contido, sexa cal for o programa que a vertebre.

As políticas da Xunta de Galicia deben ter como obxectivo fundamental, mellorar a vida e o benestar das galegas e os galegos cun menor consumo de enerxía e de materiais, apostando polo decrecemento sustentábel baseado na ecoeficiencia, o aforro e a contención. Consideramos de vital importancia non só o compromiso con estes obxectivos e creación de planos e instrumentos, senón tamén o seu seguimento e control, establecendo indicadores e outros medios de supervisión así como a aplicación de procedementos sancionadores exemplares. A Xunta de Galicia ten unha enorme responsabilidade na crecente deterioración do noso territorio e na elevada pegada ecolóxica do noso país, polo que é urxente que asuma un compromiso consistente coa sustentabilidade, como garantía de futuro e dunha vida mellor para o pobo galego e para o resto dos pobos do mundo, así como para o resto dos seres vivos que comparten connosco o planeta.

c) Participación e transparencia non poden quedar só en verbas

A construción dunha democracia participativa (que non limite a participación nos asuntos públicos ás convocatorias electorais) é un requisito necesario para avanzarmos cara á sustentabilidade ecolóxica e a xustiza social. A participación é un dereito da cidadanía recoñecido na propia Constitución, mais cuxo exercicio vese moi limitado polos poderes públicos, entre eles a Xunta de Galicia. Persisten ademais vicios que degradan gravemente a calidade de vida democrática, como o clientelismo no uso dos fondos públicos, a subordinación a intereses empresariais contrarios ao interese colectivo, a manipulación dos medios de información públicos, a ocultación de información, o baleirado de contido dos limitados mecanismos de participación pública existentes, o abuso da propaganda institucional ou a confusión entre o institucional e o partidario.

En particular, é fundamental mellorar a comunicación e o diálogo entre asociacións e colectivos coa Administración. A transparencia é un deber e como tal, esixíbel en todos os ámbitos da Administración Pública. Para garantir e facilitar o acceso da sociedade e das ONG á información xerada pola Administración Pública e os procedementos administrativos relacionados con calquera ámbito das actuacións con incidencia medioambiental, débese levar á práctica real a aplicación da transposición do Convenio de Aarhus, e particularmente da Lei 27/2006 de acceso á información ambiental.

Por último, diversos documentos relativos ás estratexias de conservación, contemplan o desafío que supón modificar as prácticas sociais para acadar a sustentabilidade e a preservación da biodiversidade. A participación pública da sociedade nos labores de sensibilización social, así como na aplicación das políticas ambientais do goberno galego, é fundamental para que a sociedade sinta o medio ambiente como algo de seu e non como algo alleo, illado ou diferente de nós mesmos. Os colectivos ambientais, como movemento social, somos quen de participar nos diferentes labores de conservación do medio ambiente, através de accións, actuacións de educación ambiental, orientación, voluntariado..., como xeito de canalización da iniciativa cidadá na implicación ambiental.

d) Cumprimento da lexislación ambiental

As administracións públicas en xeral e a Xunta de Galicia en particular, deberán ser as primeiras en dar exemplo cumprindo estritamente o espírito e a letra de toda a lexislación ambiental e garantindo que empresas e cidadáns tamén a cumpran.



As propostas que elaboramos consonte a estes principios considerámolas, no seu conxunto, imprescindíbeis para acadar que a Administración Autonómica mellore a calidade de vida da cidadanía e avance cara a sustentabilidade. Contamos coa seguridade de que esta é unha demanda dun sector crecente da sociedade galega, á que a Administración non debería dar as costas. Estas 12 propostas concretas, aquí e agora, poden significar o punto de inflexión para emprender o futuro doutro xeito. Convidamos a todas as organizacións políticas candidatas a estas eleccións a sumárense a elas e incorporalas nos seus programas e na súa acción de goberno.

12 PROPOSTAS PARA CAMIÑAR CARA Á SUSTENTABILIDADE NA VINDEIRA LEXISLATURA

1. Reducir as emisións de Gases de Efecto Invernadoiro (GEI) para que non superen nun 15% as de 1990.

Este obxectivo supón a revisión do Plano de Acción contra o Cambio Climático -que prevé un aumento das emisións de GEI dun 37% entre 2012 e 1990- e o cumprimento do límite de aumento ao que se comprometeu o conxunto do Estado español no ámbito do Protocolo de Quioto. Así mesmo, implica a reformulación do Plano Enerxético e do Plano MOVE. Para o 2050, é necesario diminuír as emisións polo menos nun 80% a respecto de 1990. O Plano Galego de Acción Contra o Cambio Climático debería tamén contemplar expresamente o obxectivo de reducir os incendios forestais e as queimas autorizadas e así diminuír as emisións de GEI que provocan.

2. Decrecer o consumo de enerxía e promover máis as renovábeis sen destruír o territorio.

O Goberno galego debe adoptar un compromiso real cun modelo enerxético sustentábel, o que pasa en primeiro lugar pola aplicación dun vigoroso Plano de Aforro e Eficiencia Enerxética, capaz de reducir en termos absolutos o consumo de enerxía en polo menos un 20% até 2020. Ademais, é preciso promover intensamente o autoconsumo, a suficiencia enerxética e as enerxías renovábeis a nivel de usuario. A nivel industrial deberíanse promover as enerxías renovábeis do xeito máis descentralizado posíbel e sempre como alternativas ás enerxías sucias, para reducir os impactos sobre o territorio, o que fai preciso a revisión do Plano Eólico antes da aprobación de novos parques. Asemade, a Xunta debería apostar pola substitución, o antes posible, das altamente contaminantes centrais térmicas das Pontes (ENDESA-ENEL) e de Meirama (GN-UNIÓN FENOSA).

As políticas de ordenamento do territorio e de transportes mudarán para que contribúan á diminución do consumo de petróleo. Suprimir de xeito inmediato as axudas ao carbón desenvolvendo alternativas para esa parte do sector mineiro.

3. Estabelecer unha moratoria na construción de novas autovías e autoestradas, derivar os investimentos do AVE cara á rede ferroviaria de proximidade e redactar un Plano Integral de Transportes sustentábel.

Cómpre unha reorientación radical das políticas de transporte e de infraestruturas para que garantan a redución das necesidades de mobilidade motorizada. Precísase promover unha forte restrición do uso do automóbil, moi especialmente nas áreas urbanas e metropolitanas, e fomentar intensamente os xeitos de transporte sustentábeis (peonil, bicicleta, transporte colectivo), en particular do uso do tren de proximidade, tanto para o transporte de pasaxeiros como de mercadorías. Deberíanse mellorar e manter os servizos e as infraestruturas actuais, o



que implica o rexeitamento da alta velocidade estrita e a creación de novos servizos de proximidade. Para acadar a sustentabilidade, este Plano Integral de Transportes debería de incluír, necesariamente, medidas para minimizar o impacto da fragmentación do territorio polas infraestruturas sobre a conservación da biodiversidade.

4. Aplicar unha política de ordenación do territorio que limite drasticamente o crecemento urbanístico e defenda a costa.

Cómpre limitar os novos crecementos urbanísticos ás necesidades reais de vivenda para primeira residencia e de equipamentos públicos, evitar a artificialización de terras de interese agrario ou ecolóxico, apostar por cidades e vilas compactas (como garantía de dotación de servizos) fronte á dispersión e á fragmentación, e antepor a rehabilitación e o uso das vivendas baleiras á construción de novas. As expansións urbanísticas en áreas urbanas serán sempre arredor dos núcleos urbanos e non suporán máis dun 10% sobre a superficie urbana e a poboación actuais.

É necesario protexer de forma permanente e efectiva todos os solos non urbanizados situados a 500 metros do mar ou a 100 metros dos ríos, así como impedir novos recheos no litoral, para o que deberá reformularse o actual POL, demasiado permisivo e arbitrario. Os planos sectoriais de acuicultura, de instalacións industriais, infraestruturas, portos deportivos etc. con afección ao litoral serán revisados en profundidade para facelos compatíbeis cun ordenamento sustentábel do litoral, ficando sempre subordinados ao POL sen excepcións. Debe comezarse a elaborar un plano para a recuperación ambiental dos espazos ocupados polas concesións dentro do Dominio Público Marítimo Terrestre que caducan en 2018, impedindo novas prórrogas.

Faise necesaria unha planificación portuaria e a súa integración na sociedade galega, através da intermodalidade do transporte marítimo de pasaxeiros, da reorientación do tráfico marítimo pesado e do uso racional das instalacións portuarias. Cómpre unha moratoria na construción ou ampliación das infraestruturas portuarias, así como dos portos deportivos. Faise necesaria a reorientación do ocio marítimo promocionando o ocio colectivo fronte ao individual, que tería a finalidade, asemade, do mantemento e promoción da cultura e patrimonio marítimo das embarcacións clásicas, históricas ou tradicionais.

5. Defender a soberanía alimentaria e o equilibrio territorial para manter un mundo rural e mariñeiro vivos.

Cómpre fortalecer as alternativas sustentábeis para a agricultura, gandería, silvicultura forestal e a pesca, favorecendo máis a produción ecolóxica ou con certificado de sustentabilidade e a pesca artesanal nun Programa de Desenvolvemento rural orientado a fixar poboación e impedir o abandono.

Cómpre impulsar as redes curtas de comercialización para mellorar os ingresos dos produtores e produtoras e incentivar o consumo de alimentos locais e galegos, tamén nas administracións e organismos dependentes. O modelo actual de concentración parcelaria debe adecuarse con urxencia aos criterios de agricultura sustentábel e á regulamentación comunitaria existente.

Os transxénicos son incompatíbeis cunha agricultura sustentábel, polo que demandamos a declaración inequívoca de Galicia como "Zona Libre de Transxénicos".

Redactar un novo Plano Enerxético que contemple a eliminación do obxectivo de cubrir con agrocombustíbeis o 7% do consumo de gasolinas e gasóleos fixado polo Plano actual para 2012.

Tamén se fai necesario a promoción dunha produción animal e gandeira de calidade na liña do mantemento, selección e mellora das razas autóctonas, do tratamento digno aos animais e na



reintrodución e mantemento do gando no monte
prevención de lumes e asentamento da poboación rural.

como garantía dun equilibrio ecolóxico,

A creación de novas reservas mariñas de interese pesqueiro ao longo da lexislatura é unha das medidas básicas para garantir o futuro da pesca e o marisqueo artesanais. Tamén habería que dignificar a actividade produtiva mariñeira (pesqueira, marisqueira e acuícola), como garantía de subsistencia das actividades e do oficio, desde un punto de vista sustentábel, así como compatibilizala con outras actividades simultáneas (ocio, educación ambiental...) para que o sector produtivo mariñeiro se implique na conservación do medio e das especies, na liña da Directiva Marco para a Estratexia Mariña Europea. Potenciar as reservas mariñas existentes e fomentar unha rede de áreas mariñas protexidas coa participación directa do sector pesqueiro. Reducir gradualmente ata termos sostibles o esforzo extractivo global e local do sector pesqueiro galego no marco da política pesqueira europea.

6. Parar a perda de diversidade natural

É urxente integrar criterios para a conservación e o uso sustentábel da diversidade natural en todas as políticas autonómicas e potenciar os instrumentos para frear a perda da biodiversidade.

No primeiro semestre da lexislatura ampliarase a Rede Natura 2000, tomando como punto de partida a proposta da Xunta de 2008 e tentando acadar unha porcentaxe de representación territorial consonte coa media estatal. É preciso que estes espazos estean efectivamente protexidos cos seus respectivos planos de ordenación e de xestión, para evitar a especulación e a degradación dos seus territorios.

Tamén cómpre ampliar a cativa rede de parques naturais (comezando pola declaración do Macizo Central Ourenán, Os Ancares e O Courel, no primeiro ano da lexislatura) garantindo os medios adecuados para a súa xestión e ampliar o Parque Nacional das Illas Atlánticas. É imprescindible a creación de liñas de axuda económica (subvencións, créditos brandos, desgravacións fiscais na cota autonómica) para o desenvolvemento sustentábel nos espazos da Rede Natura 2000, así como un programa de adquisición de terreo de especial interese natural, aberto á colaboración/participación de particulares e asociacións.

Hai que asegurar a aplicación efectiva dos Planos Estratéxicos Estatal e do Convenio de Ramsar para a Conservación e Uso Racional das Zonas Húmidas. Non se pode demorar máis a posta en marcha dos planos de recuperación ou conservación para todas as especies de fauna e flora ameazadas; urxe, ademais, garantir a conservación da biodiversidade autóctona elaborando e aplicando planos de erradicación das especies foráneas máis invasoras e perigosas e promovendo políticas preventivas e correctivas de bioinvasións.

É prioritario tamén aprobar un novo Plano Forestal que promova a recuperación do monte galego apoiado por iniciativas autenticamente sustentábeis: criazón de corredores verdes protección do solo, conservación e fomento das devesas nos fondos de valgada, recuperación do bosque atlántico e das árbores autóctonas en detrimento das pirófitas e manexo axeitado da matogueira prohibindo a súa eliminación ou queima.

Consideramos tamén imprescindible a derogación da actual Lei de Montes e a aproximación a unha nova Lei consensuada con todos os actores sociais implicados.

7. Implantar unha nova cultura da auga

O Plano Hidrolóxico das bacías xestionadas pola Xunta debería incorporar os principios da Nova Cultura da Auga, e promover de xeito efectivo e prioritario o aforro de auga en todos os sectores



(doméstico, industrial e agrogandeiro). Outro dos seus obxectivos debería ser garantir a recuperación ambiental dos ríos, as zonas húmidas e rías e asegurar o cumprimento da Directiva sobre depuración das augas residuais. Alén diso debería contemplar a protección, defensa e, no seu caso, restauración dos ecosistemas acuáticos e da calidade das augas en aplicación da Directiva Marco da Auga e do Plano Estratéxico do Convenio de Ramsar para a Conservación e o Uso Racional das Zonas Húmidas. Os datos de calidade e cantidade das augas nos cursos e masas de auga deberían ser públicos en tempo real na páxina web de Augas de Galicia.

A revisión do Plano Sectorial Hidroeléctrico debería vetar claramente a construción de novos aproveitamentos hidroeléctricos, esixir a redución do dano ambiental dos existentes e incluír un plano de recuperación das concesións e permeabilización das infraestruturas máis agresivas.

Tamén é preciso establecer para todos os ríos con aproveitamentos hidráulicos, de abastecemento ou hidroeléctricos, unha axeitada xestión hidrolóxica que estableza un novo regulamento do caudal mínimo ecolóxico e do réxime de liberación de caudais para contribuir á rexeneración natural das canles fluviais.

O saneamento das rías debería completarse antes do remate da lexislatura, tratando ademais de poñer en marcha un Plano Integral para o Uso Sustentábel destas e a revisión da Lei das Rías para adoptar as medidas necesarias que garantan un bo estado ecolóxico consonte os prazos, criterios e fases da Directiva Marco para a Estratexia Mariña Europea. Asemade, é preciso tomar as medidas precisas para facer efectivo o peche de REGANOSA na ría de Ferrol e poñer fin á actividade industrial de ENCE-ELNOSA na ría de Pontevedra.

Modificación da actual Lei de Augas para incorporar de xeito efectivo os preceitos da Directiva Marco, procurando o consenso social.

8. Pechar a incineradora de SOGAMA no 2017 e promover a redución e a reciclaxe dos residuos urbanos

Elaborar un novo Plano de Residuos en Galicia que descarte novos proxectos de incineración, dea prioridade efectiva á redución e aposte por un modelo de tratamento descentralizado, baseado na compostaxe e na reciclaxe. Acadar para o final da lexislatura cando menos un 10% de redución en peso dos residuos xerados, establecendo instrumentos e medidas que incentiven a prevención, a reutilización e a reciclaxe, por esta orde.

Neste senso, as forzas políticas concorrentes a estas eleccións deberían apoiar e no seu caso asumir e incorporar as propostas contidas na Iniciativa Lexislativa Popular para a aplicación efectiva dos principios de redución, reutilización e reciclaxe de residuos en Galicia.

9. Avanzar na democracia participativa

Promover a participación pública dos movementos civís en xeral e das organizacións ecoloxistas en particular, potenciando o seu papel como vehículos de participación e sensibilización, e apoiando o seu fortalecemento mediante programas concretos.

Aplicar de xeito efectivo o Convenio de Aarhus e apoiar a Educación Ambiental (EA) como ferramenta real de transformación social cara á participación cidadá nas políticas ambientais. Neste senso cómpre, alén de aprobar e aplicar unha nova Estratexia Galega de Educación Ambiental, incluír a EA como unha das ferramentas a empregar en todos os planos e programas ambientais da administración, ou que teñan incidencia no ambiente.

Garantir o funcionamento e a continuidade dos proxectos e iniciativas de EA actualmente em funcionamento por parte das ONG e entidades públicas, reforzando e impulsando os proxectos



educativos que se desenvolven nos equipamentos en activo. Dar máis pulo á EA no sistema educativo formal, incluíndoa como un contido propio alén do seu carácter transversal no nensino.

Paralizar a construción do centro de interpretación dos espazos protexidos galegos e reorientar o seu investimento e funcións para fins de investigación, divulgación e educación ambiental.

10. Fortalecer a cooperación internacional para o desenvolvemento sustentábel

Reclamar as competencias necesarias para o desenvolvemento e aplicación das políticas ambientais propias de Galicia, achegando os impulsos e argumentos legislativos necesarios e aplicando a transversalidade das políticas ambientais en toda a lexislación que se xere durante a lexislatura, así como no proxecto de novo estatuto que se impulse desde o parlamento.

Ao final da lexislatura debería acadarse o 0,7% establecido na Lei Galega de Cooperación. É preciso aplicar realmente un enfoque ambiental e sustentábel dentro dos programas de cooperación, aplicar mecanismos de control de asignacións para estes fins e facer énfase na Responsabilidade Social Corporativa.

Amáis promoveranse os labores de cooperación de carácter ambiental, trasladando ou adaptando resultados de proxectos útiles localmente nas comunidades destinatarias, impulsando accións que acheguen desenvolvemento, aproveitamento sustentábel de recursos e conservación do contorno.

11. Impulsar a contratación pública verde

Hai que establecer políticas de compra pública ética, con obxectivos cuantitativos e prazos para a súa implantación, que fomenten os produtos e servizos ecoloxicamente sustentábeis e socialmente xustos, para facer da Administración un exemplo a seguir e un factor de promoción da produción de bens e servizos verdes (comercio xusto, ecolóxico, local, etc.).

12. Facer unha reforma verde do sistema fiscal autonómico

Aproveitar as competencias autonómicas en materia fiscal para penalizar os comportamentos ambientais incorrectos e favorecer aqueles acordos coa sustentabilidade, através da reforma dos tributos existentes (revisión do imposto sobre a contaminación atmosférica para gravar tamén as emisións de CO₂, aumento dos tipos de gravame do tramo autonómico do imposto sobre as vendas polo miúdo de determinados hidrocarburos...) e da introdución de novos tributos, como un sobre o lixo (para reducir o vertido), un sobre as canteiras (para gravar a tonelada de material extraído), un sobre as grandes superficies, etc. Os ingresos obtidos cos tributos ambientais destinaranse ao fomento da sustentabilidade.

**ADEGA, Amigos da Terra, Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños (CEMMA),
Federación Ecoloxista Galega (FEG), Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN)**

